



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

-PERSOAL-

### ANUNCIO

O Concello de Santiago de Compostela anuncia convocatoria pública, co obxecto da elaboración de listas de agarda e posterior nomeamento de funcionario interino técnico medio en informática, do subgrupo A2, nivel 18.

#### **REQUISITOS DE TITULACIÓN:**

Grao en enxeñería informática, ou equivalente.

#### **BAREMO: (\*)**

Os de servizos prestados, formación, posesión de titulación superior, coñecemento da lingua galega e condición de demandante de emprego, nos termos e coas condicións que se sinalan no artigo 2 das Normas de xestión de selección de persoal funcionario interino (BOP número 22 do 03/02/2010).

*(\*)O baremo de puntuación do currículum vitae e os impresos de solicitude están a dispor dos aspirantes na Oficina de Información Municipal (Rúa Presidente Salvador Allende núm 4, baixo). Igualmente pode ser consultado na páxina Web do Concello: [www.santiagodecompostela.gal](http://www.santiagodecompostela.gal)*

#### **PROBA:**

Con carácter previo ao estudo e avaliación dos méritos aportados polos aspirantes, celebrarase unha proba consistente na resolución dun suposto práctico, tal como especifican as bases desta convocatoria.

#### **PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E LISTADO DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS:**

Os interesados deberán presentar as súas solicitudes, no **PRAZO DE 8 DÍAS NATURAIS**, contados a partir do seguinte á publicación deste anuncio, **debendo xuntar copia do DNI**, acompañadas da documentación que acredite a titulación e demais requisitos, e os méritos a ter en conta. Publicada no Taboleiro e web municipais a relación provisional de admitidos e excluídos, os interesados disporán dun prazo de 4 días naturais para presentar as reclamacións que estimen oportunas. Rematado dito prazo, publicaranse as listas definitivas e o lugar e data de celebración da proba.

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2016  
*A concelleira-delegada de economía e facenda (PD)*

Asdo.- María Rozas Pérez